







TOMÁS VEGA PATO

Para información curricular, ver Raigame n° 1.





«O CURRO DO LOBO»

Descrición dunha trampa tradicional para a caza do lobo (Cernado-Manzaneda)



Tomás Vega Pato

Debuxos do autor

O territorio formado polas serras de Conso-Manzaneda-Queixa ¹ constitúe un reducto de gran riqueza etnográfica, con peculiaridades derivadas do permanente pastoreo que experimentan, tanto de rabaños de “res” como de “gado” ou de “bestas”. ²

A intensa actividade desenvolvida neste espazo e a forte intervención antropóxena deu lugar a abundantes e singulares sistemas de ocupación temporal e explotación; de circulación e transporte; de orientación e comunicación, de compartimentación e vedación, etc. ³

O tradicional illamento do espazo, -ata hai poucas décadas só accesible a pé ou a cabalo, se se exceptúa o acceso esporádico, e sumamente difícil, de carros de tracción animal en épocas de “acarrexa” de torgos ou transporte de “Iouxa” ⁴- sumado ó feito do pastoreo de millares de cabezas, de res maiormente, favoreceron a proliferación do lobo.

A existencia desta fera, deu lugar a que se realizaran construcións ⁵ de diversa tipoloxía, destinadas á súa caza e exterminio. Dunha destas trampas, coñecida coma o *CURRO DO LOBO* é da que imos tratar, aínda que, dada a brevidade do espazo disponible, só o faremos dun xeito descriptivo, para deixar constancia da súa existencia e particularidades constructivas antes de que se perda definitivamente.

Xa queda dito cal é o territorio no que esta construción se empraza. Convén, non obstante, fixar de xeito máis concreto a súa situación. É a seguinte:

Provincia: Ourense

Concello: Manzaneda

Parroquia: Cernado

Paraxe: Castelaio (Curro do lobo)

Altitude: 1.120 m.s.n.m.

Designación U.T.M.: 29 TPG 468792

1. A denominación habitual do espazo referido, considerado de forma global, é a de Serra de Queixa. Non obstante a palabra serra ten aquí outro significado máis restrinxido, refíndose ás zonas de pastoreo á quen ten dereito cada comarca ou comunidade.

2. As verbas entre “comiñas” corresponden a fala local, polo que ó final inclúese un vocabulario como é costume en tódolos traballos sobre etnografía da nosa autoría.

3. Posuímos profusa documentación sobre estes sistemas. A súa descrición, aínda abreviada, excedería con moito o propósito deste traballo.

4. Para dar idea da dificultade do transporte con carros tradicionais polos camiños da serra, abundará con referir que no descenso era preciso recorrer á manobra coñecida como “recadén”, específica do espazo tratado.

5. Sonnos coñecidas, nestas serras, alomenos tres sistemas diferentes de foxos do lobo, ben distintos entre si.

Trátase dun foxo sensiblemente circular, rodeado de “bardas”, ou antas, verticais a modo de cerca, de donde lle provén o seu nome de “curro”, por analogía coas construcións propias destas serras destinadas á ocupación estacional polos rebaños de res, pastores e “custeiros”. O diámetro do *CURRO DO LOBO* é duns cinco metros, e a súa profundidade media actual próxima ó metro por debaixo da rasante do terreo circundante. Non obstante, tendo en conta outros aspectos da súa construción, coma o túmulo formado cos produtos procedentes da súa excavación, dispostos en forma de coroa, e o treito que sobresaen ás bardas espetadas no túmulo, así como a colmatación experimentada, por acumulación de arrastres, no fondo do foxo, a súa altura na parte interna non baixaría dos tres metros.

Ó estar construído o foxo, ou trampa, nun lugar con certa

inclinación natural no semicírculo N-W-S prodúcese máis excavación que no semicírculo S-E-N, onde abonda o recheo. De calquera xeito, e como xa se dixo, o recheo ou túmulo, en maior ou menor grao, prodúcese en todo o perímetro co fin de aumenta-la profundidade.

Emprázase o foxo nunha portela, ou porteliña, que se pode considerar de *paso obrigado*, o que proporciona ó enclave un gran valor estratéxico, e de gran eficacia ó obxecto desexado de inducir ó lobo a pasar pola trampa. É tamén punto de paso diario dos rabaños, sexa con destino ó curro ⁶, ou para aldea, o que ten lugar ó “empardecer”, circunstancias estas que propician, ademais, que o lobo á espera, ou ó axexo, frecuente o lugar. No plano de emprazamento (Fig. I) pódense apreciar con claridade as características xeográficas que acabamos de describir.




Fig. I: Plano emprazamento.

6. Nas proximidades do *CURRO DO LOBO* emprázase un curro pertencente á parroquia de Reigada, hoxe en desuso.

Fig. II: Sección W-E (Estado actual).





Fig. III: Vista ortogonal (Reconstrucción).

Na actualidade o *CURRO DO LOBO* conserva no seu interior gran parte do material que o formaba, posibilitando así a súa reconstrución sen grandes dificultades, tanto polo material que permanece dentro, como polas bardas que quedan fincadas no seu perímetro ou as que se sitúan espaxadas polo seu contorno. Nos debuxos que se achegan (Fig. II, III e IV), materialízanse as principais características do foxo.

O sistema para atrapa-lo lobo consistía en ceba-la trampa, segundo nos relataron, cun anaco de carne ⁷, custión sobre a que temos as nosas dúbidas, pois tódolos indicios lévannos a pensar na caza da fera mediante “abatidas” ou “corridas”. Como se pode observar nos debuxos á fera resultáballe fácil a entrada -fose para colle-lo cebo ou para agacharse no foxo- pois só tería que “ralvar” unha altura de 0,85 metros, mentres que para saír a altura a superar sobrepasaría os 3,00 metros, sen espazo para toma-lo necesario impulso ⁸. Se perfeccionamos, conxeturalmen-




Fig. IV: Vista lateral (Reconstrucción).

⁷ Só unha persoa, das interrogadas, mencionou este detalle. As demais non lembran detalles do foxo. Tampouco fan referencia a lobishomes ou lobos da xente, como é corrente noutros casos que investigamos na zona. O único dato común é a denominación do foxo.

te, o sistema, facilmente nos daría a fondura e configuración que se reflicte mediante trazo discontinuo na sección do estado actual (Fig. II) que, como xa se dixo, andaría polos tres metros.

As fotografías (Fig. a, b, c) completan a información sobre o *CURRO DO LOBO*. Unha delas (Fig. a), na que se situou unha persoa cunha talla de 1,65 metros para dar idea de fondura actual e proporcións do foxo, non é todo o esclarecedora que sería desexable. Razóns de prudencia fixéronnos abandonar a idea de limpa-la vexetación que o ocupa, pois o *CURRO* hoxe é bastante ignorado, pese ás frecuentes incursións realizadas por visitantes á zona, debido ó seu carácter de xacemento arqueolóxico⁹, e así convén que continúe para evitar que se converta nun

depósito de lixo, ou, o que é peor, en lugar de abastecemento de bardas para pavimentacións de rúas. Nas restantes fotografías (Fig. b, c) móstranse repectivamente unha das bardas que aínda permanecen en pé, fotografada desde o interior, comparada coa persoa que serve de referencia, e unha vedación ou valado mediante bardas fincadas, semellantes ás existentes no foxo, afastadas uns cincuenta metros do mesmo. Este sistema emprégase tamén para a compartimentación da serra.

Fig. a: Vista xeral do "CURRO DO LOBO". A persoa situada no centro coas mans erquidas colocouse sobre as bardas deitadas no Foxo.



8. Xaquín Lorenzo menciona (*Historia de Galicia*. Buenos Aires, 1962) a existencia de "varios tipos de foxos mais, en esencia, todos teñen o mesmo fundamento: un burato onde entra o lobo e non pode saír."

Para este autor nos foxos descubertos –sen sebes, ou paredes, para conduci-lo lobo ó pozo– o procedemento de caza realizábase cebando a trampa "cun cabrito ou cousa semellante". O lobo atraído polos berros, brincaba dentro do foxo séndolle imposible a saída.

No caso que tratamos, cremos que a especial topografía do terreo era suficiente para dirixi-lo lobo á trampa sin necesidade de sebes, de ahí que manteñamos a opinión de que a caza se realizaba mediante batidas, o cal non exclúe o procedemento do cebo como recurso alternativo.

9. Xacemento catalogado. As claves de identificación dos Servicios de Arqueoloxía da Xunta de Galicia son as seguintes:

Castelaioso: GA 32044003 (Petroglifos)

Fraga dos Mouros: GA 32044012 (Inespecificado)

Fig. b: Unha das bardas que aínda quedan fincadas (vista desde o interior).



VOCABULARIO

- Abatidas** Batidas ou monterías organizadas para caza-lo lobo. Tamén se denominan *corridas*.
- Acarrexa** Transporte mediante carro tradicional. Úsase de xeito preferente para denomina-la acción de acarexa-lo centeo e a herba.
- Apor Barda** Acción de prenda-las xugadas ó carro.
Pedra a xeito de anta, de pouco espesor, sen labra, recollida en superficie na serra, onde abunda. Enprégase este material para valados. Tamén se emprega colocada en horizontal para formar pontóns e mesmo como solado en pontes sobre traves e canteados de madeira, recibindo así o nome de *bardado*, denominación esta que tamén se estende ó *abeiro*.
- Bestas Curro** Gando equino (cabalos, mulos e burros).
Cercado, sen cobertura para estabula-la res na tempada de verán. As paredes son de pouca altura colmadas con uces secas sobresaíndo das mesmas, co fin de evitar tanto a saída da res como a entrada do lobo. O acceso ó recinto ten lugar mediante ocos pequenos, denominados *gateiras*, que se obstrúen con *bardas*. Consta tamén dunha chouza para alberga-lo pastor e mailo "*custeiro*".
- Custeiro** Propietario de *res* que mediante o sistema de *veceira* axuda ó pastor a garda-lo rabaño. A duración da súa axuda vén dada polos *días de res* que teña. Cada *día de res* corresponde a un número determinado de cabezas no rabaño, habitualmente seis.
- Empardecer** Denominación do espazo de tempo próximo á noite. Tamén se di: *entre lusco e fusco*.
- Gado Louxa Ralvar** Gando vacún.
Pizarra para cubertas.
Salvar por impulso, sen apoio, un obstáculo de certa altura.
- Recadén** Sistema de freado dos carros ó baixar cargados e conducidos por unha soa parella ou xugada. Consiste en prender varias xugadas á traseira do carro, levando este a tal efecto unha argola no último travesaño.
- Res** Gando lanar e cabrío.



Fig. c: Vedación de fincas mediante bardas próximas ó "CURRO DO LOBO".